

ACTIVIDADES PARA O 2º DÍA DE CONFINAMENTO

Cuestións sobre os apartados 2, 3, 4 3 e 5 do libro (páx. 146 – 153).

1. Que 5 reinos existiron na Península Ibérica a partir do s. XIII? Cítaos co nome completo.
2. Por que provincias actuais se estendía o reino nazarí de Granada? Que vantaxes lle outorgaba a súa situación xeográfica?
3. Que tipo de edificación é a Alhambra de Granada? De onde vén o seu nome?
4. Nos reinos cristiáns do norte peninsular os reis tentaron recuperar o poder, como o fixeron?
5. Por que territorios se expandiu Castela nos s. XIV e XV? E Aragón?
6. Atendendo ao mapa da páx. 151 responde as seguintes cuestións:
 - a) Cales eran os principais produtos importados (traídos) en Castela e Aragón? A que portos chegaban?
 - b) Cara onde partían os produtos fabricados en Castela e Aragón? Cales eran estes produtos?
7. A partir da información do punto 5.3 (páx. 153), elabora un resumo no que expliques en que consistiron as “*Revoltas Irmandiñas en Galicia*” (causas, feitos, datas...). Logo procura en Internet o nome dalgúns dos castelos medievais que foron asaltados polos Irmandiños.